

BOLETÍN EJERCICIOS INVERSIÓN

1. Unha inversión require un desembolso inicial de 20.000.000 de unidades monetarias (u.m.), dura dous anos, no primeiro dos cales xera un cobro de 30.000.000 de u.m. e no segundo de 40.000.000 u.m. Ademais, precisa un pago de 10.000.000 de u.m. o primeiro ano e outro de 20.000.000 u.m. o segundo. A taxa de desconto desta inversión é do 12 %.
- a) Calcula o Valor Actual Neto desta inversión. (1 pto.)
- c) Atendendo os resultados dos apartados anteriores ¿realizarías esta inversión? Razona a túa resposta. (1 pto.)
2. Unha empresa está valorando a posibilidade de realizar unha inversión, para a que se lle presentan dúas posibilidades: Inversión A (desembolso inicial: 5.000, fluxos de caixa:12.000 e 4.000), Inversión B (desembolso inicial: 7.000, fluxos de caixa: 9.000 y 2.500).
- Pídese: b) Sabendo que o tipo de xuro é do 11%, cal é o VAN de cada inversión (1 pto). c) Razonar cal é o proxecto que poñerá en marcha a empresa (0,5 ptos).
3. Unha empresa está sometendo a análise dous proxectos de inversión, dos que ten a seguinte información: o primeiro dos proxectos supón un desembolso inicial de 5.000 u.m. e vai a proporcionar uns ingresos de 7.000 u.m. o primeiro ano e 8.000 u.m. o segundo ano. Os pagos correspondentes a cada ano serían 2.000 e 3.000 u.m. respectivamente. O segundo proxecto implica un desembolso inicial de 7.000 u.m. e proporciona uns ingresos de 10.000 u.m. o primeiro ano e 8.000 u.m. o segundo, sendo os pagos correspondentes a ditos anos de 1000 e 5.500 u.m.
- Pídese: a) Calcular os fluxos netos de caixa correspondentes os dous proxectos nos dous anos b) Calcular o valor actual neto (VAN) para os proxectos, tendo en conta que o tipo de xuro é do 10% (1 pto). c) Razonar cal das dúas inversións é máis conveniente (0,5 ptos).
4. Unha empresa ten a posibilidade de realizar dúas inversións diferentes cunha duración de dous anos cada unha delas. Inversión A: Comprar maquinaria por un importe de 2.000 u.m., que vai a xerar uns rendementos netos de 1.200 u.m. cada ano. Inversión B: Comprar unha nave nun polígono industrial por 5.000 u.m. e alugala durante dous anos obtendo o primeiro unha renda de 3.000 u.m. e o segundo unha renda de 3.500 u.m..
- Pídese:a) Calcular o Valor Actual Neto (VAN) para cada unha das inversións empregando unha taxa de desconto do 12 % (1 pto). c) Razonar cal das dúas inversións é máis conveniente (0,5 ptos).
5. Unha empresa pode levar a cabo un dos tres proxectos que a continuación se indican tendo en conta que a vida útil de cada un deles é de tres anos e os tres supoñen un desembolso inicial de 34.000 euros. Proxecto 1: cobros 50.000, 70.000 e 0 euros; pagos 25.000, 30.000 e 0 euros. Proxecto 2: cobros 20.000, 0 e 70.000 euros; pagos 2.000, 0 e 30.000 euros. Proxecto 3: cobros 70.000, 22.000 e 30.000 euros; pagos 30.000, 20.000 e 35.000 euros.
- Pídese: a)Tendo en conta que o custo do diñeiro para a empresa é do 10% anual, indicar cal dos tres proxectos é o máis rendible segundo o criterio do Valor Actual Neto (VAN) (1 pto), c) Razonar cal das tres inversións é máis conveniente.(0,5 ptos).
6. A unha empresa que está valorando a posibilidade de realizar unha inversión preséntanselle dúas posibilidades: Inversión A (desembolso inicial: 1.000, fluxos de caixa: 7.000 e 1.400 o primeiro e segundo ano respectivamente), Inversión B (desembolso inicial: 1.400, fluxos de caixa: 1.300 e 1.300 o primeiro e segundo ano respectivamente).
- Pídese: b) Sabendo que o tipo de xuro é do 10%, ¿cal é o VAN de cada inversión? (1 pto). c) Interpretar os resultados (0,5 ptos).
7. Unha empresa está sometendo a análise dous proxectos de inversión, dos que ten a seguinte información: o primeiro dos proxectos supón un desembolso inicial de 7.500 u.m. e vai a proporcionar uns ingresos de 6.500 u.m. o primeiro ano e 7.000 u.m. o segundo ano. Os pagos correspondentes a cada ano serían 3.000 e 1.500 u.m. respectivamente. O segundo proxecto implica un desembolso inicial de 5.000 u.m. e proporciona uns ingresos de 5.500 u.m. o primeiro ano e 7.500 u.m. o segundo, sendo os pagos correspondentes a ditos anos de 2.000 e 3.500 u.m.
- Pídese: a) Calcular o Pay-back ou prazo de recuperación para os dous proxectos (1 pto.) b) Calcular o valor actual neto (VAN) para os proxectos, tendo en conta que o tipo de xuro é do 8 % (1 pto).c) Razonar cal das dúas inversións é máis conveniente (0,5 ptos).
8. Unha empresa que se dedica á venda de bicicletas está valorando a posibilidade de realizar un investimento para ampliar o seu negocio. Dito investimento supón un desembolso inicial de 6.000 u.m. e uns fluxos de caixa durante 4 anos de 5.000 u.m o primeiro ano; 12.000 u.m. o segundo ano; 12.000 u.m. o terceiro ano e 12.000 u.m. o cuarto ano.
- Pídese: a) Calcular o Pay-back ou prazo de recuperación. (1 pto.) b) Calcular o Valor Actual Neto, supoñendo un tipo de desconto do 8%. (1 pto.). c) Explica se é conveniente realizar o investimento proposto. (0,5 ptos.).
9. Un proxecto de investimento require un desembolso inicial de 20.000 euros e dura dous anos. No primeiro ano xera un cobramento de 20.000 euros e no segundo ano un cobramento de 40.000 euros. Ademais, precisa un pagamento de 10.000 euros o primeiro ano e outro de 20.000 euros o segundo. A taxa de desconto aplicable a esta inversión é do 12%. Pídese:
- a) Calcular o Valor Actual Neto desta inversión. (1 pto)
- b) Calcular o Pay-back ou prazo de recuperación. (1 pto.)
- c) Atendendo aos resultados dos apartados anteriores, realizarías esta inversión? Razona a túa resposta. (0,5 ptos.)

(SETEMBRO 2016)

10. Unha empresa analiza dous proxectos de investimento dos que dispón da seguinte información (valores en euros):

Proxecto	Desembolso inicial	Pagos ano 1	Cobros ano 1	Pagos ano 2	Cobros ano 2	Pagos ano 3	Cobros ano 3
A	20.000	3.000	13.000	10.000	25.000	2.000	0
B	80.000	5.000	30.500	10.000	14.500	0	90.000

Pídese:

- a) Calcular o Pay-back ou prazo de recuperación de ambos os proxectos explicando cal sería preferible segundo este criterio. (1 pto.)
- b) Calcular o Valor Actual Neto (VAN) dos dous proxectos supoñendo unha taxa de actualización do 10%. (1 pto.)
- c) Cal dos dous proxectos sería preferible segundo o criterio do VAN? Que criterio sería preferible? (0,5 ptos.)

(XUÑO 2018)